

MODELO DE PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e Cualificación do Contrato

O obxecto do contrato é a realización das obras consistentes en "MEJORA DE LA ESTACIÓN DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES DEL PARQUE EMPRESARIAL DE CAMPO LAMEIRO".

", cuxa codificación é CPV²⁵ .: 45232410-9 (obras de saneamiento).

CONSTA NO EXPEDIENTE ANTEPROXECTO-PROXECTO ELABORADO POLA EMPRESA PROINARTE XXI, DONDE SE REALIZA UNHA DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS OBRAS A EXECUTAR.—

As obras se realizarán con estrita suxeción ó proxecto/anteproxecto de obra. O conxunto de documentos que o compoñen terá carácter contractual.

Tamén forma parte do contrato os servizos de técnico con titulación adecuada que se ocupe, integrándose na dirección facultativa, da responsabilidade en materia de prevención nde riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo, a modo de persoal colaborador ou auxiliar do director facultativo.

Este técnico tamén asumirá nos supostos en que legalmente proceda, a coordinación en materia de seguridade e saúde.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de obras de "MEJORA DE LA ESTACIÓN DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES DEL PARQUE EMPRESARIAL DE CAMPO LAMEIRO", será o procedemento negociado sen publicidade, por urxencia, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de

²⁵ Segundo a Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, os contratos adxudicados a partir do 1 de xaneiro de 2009 que se deban comunicar ao Ministerio de Economía e Facenda para a súa inscrición no Rexistro Público de Contratos utilizarán, en todo caso, para a codificación do obxecto do contrato os códigos CPV aprobados polo Regulamento (CE) Nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) non 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV.

contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, de acordo co artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento, asegurándose a concorrencia, é dicir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados²⁶ para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante e Información

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.campolameiro.com.

A obtención de copias do expediente implicará o abono da taxa establecida na correspondente Ordenanza Fiscal.

A remisión de documentación por correo será baixo a modalidade de "portes debidos".-

CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 91.586,39 euros. O prezo certo anterior queda detallado nun valor estimado de 75.691,23 euros e 15.895,16 euros de IVE. **Dito importe será o importe máximo de licitación.**

Se entenden comprendidos na oferta formulada polo licitador todo xénero de gastos, incluídos os de Seguridade Social e cantos tributos graven a súa empresa ou actividade. A oferta deberá facer referencia ó IVE, e, de non constar, se entenderá incluído no prezo proposto polo/a licitador/a.

O importe aboarase con cargo á partida 45.619 do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente até o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten

²⁶ A estes efectos, entenderanse capacitados as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

financiar o contrato²⁷. (o 80% é financiado pola Xunta de Galicia-Consellería de Economía e Industria- e o 20% con fondos propios do Concello).--

[O prezo do contrato poderá formularse tanto en termos de prezos unitarios referidos aos distintos compoñentes da prestación ou ás unidades da mesma que se entreguen ou executen, como en termos de prezos aplicables a tanto alzado á totalidade ou a parte das prestacións do contrato.]

[Excepcionalmente poden celebrarse contratos con prezos provisionais cando, tras a tramitación do procedemento se poña de manifesto que a execución do contrato debe comezar antes de que a determinación do prezo sexa posible pola complexidade das prestacións ou a necesidade de utilizar unha técnica nova, ou que non existe información sobre os custos de prestacións análogas e sobre os elementos técnicos ou contables que permitan negociar con precisión un prezo certo detallándose os extremos establecidos no artigo 87.5 parágrafo segundo do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.]

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato

A duración do contrato²⁸ de obras de "MEJORA DE LA ESTACIÓN DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES DEL PARQUE EMPRESARIAL DE CAMPO LAMEIRO" será de DOUS MESES. Non se admiten prórrogas.

O prazo contractual soamente poderá ser prorrogado cando o retraso na execución do contrato non se producise por causas imputable ó contratista, e nos prazos sinalados no artigo 213.2 do TRLCSP, non admitíndose a prórroga tácita por consentemento das partes. A petición de prórroga se regulará conforme ó previsto no artigo 100 do RD 1098/2001.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do trazado de planta no prazo de 10 días *[non superior a un mes]* desde a data de formalización do contrato.

[O prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a quince días hábiles, contados desde a formalización. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser

²⁷ De conformidade co artigo 109.5 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro no caso de que o financiamento do contrato se realice por achegas de distinta procedencia, deberase acreditar a plena dispoñibilidade das mesmas, determinándose a orde do seu abono. Por exemplo, dispónse de operación de crédito, de subvención con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos.

resolto, salvo que o atraso fose debido a causas alleas á Administración contratante e ao contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada].

[Poderán existir até 0 prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e que a concorrencia para a súa adxudicación fose realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevexa o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.]

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica, **conforme ó establecido no artigo 54 do TRLCSP ou nos artigos 55 e 58 segundo a súa nacionalidade.**

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a. Dos empresarios que fosen **persoas xurídicas** mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b. Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea** pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c. **Dos demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia** dalgunha das **prohibicións para contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

a. Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario²⁹ económica e financeira así como a técnica profesional do licitador:

3.1 A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros

²⁹ En relación á clasificación do empresario deberemos estar ao disposto na disposición transitoria cuarta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, na que se establece que até que se desenvolva regulamentariamente o artigo 65.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro que determina os contratos para cuxa celebración é exigible a clasificación previa, **seguirá en vigor o artigo 25.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas**. Así mesmo, téñase en conta que o artigo 74 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, establece que «A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión da mesma. Os entes, organismos e entidades do sector público que non teñan a condición de Administracións Públicas poderán admitir outros medios de proba da solvencia distintos dos previstos nos artigos 75 a 79 para os contratos que non estean suxeitos a regulación harmonizada». Ademais debe terse en conta o establecido no Capítulo I do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público para a obtención, renovación e inscrición da Clasificación por parte dos empresarios.

oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de obras, a **solvencia técnica** do empresario poderá ser acreditada por un ou varios dos medios seguintes:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e foron levadas normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambientais que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

[No seu caso] CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do Contratista

Dada a contía do presente contrato e de conformidade co previsto no artigo 25.1 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aínda en vigor

tal e como estable a Disposición Transitoria Cuarta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para contratar será requisito indispensable que o empresario dispoña da seguinte : **NON ESIXIBLE.**

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa

As ofertas presentaranse no Concello de Campo Lameiro, domicilio praza de Pontevedra n1 36110 Campo Lameiro, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos³⁰, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a oferta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta *[sen prexuízo do*

³⁰ Tal e como establece a Disposición Adicional Décimo quinta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para negociar a contratación das obras de ""MEJORA DE LA ESTACIÓN DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES DEL PARQUE EMPRESARIAL DE CAMPO LAMEIRO". **Os sobres deberán vir debidamente asinados polo licitador ou polo seu representante legal, e con indicación de nome, apelidos, e razón social, nº de teléfono e de fax, así como a seu correo electrónico no seu caso.** A documentación a presentar deberá ser orixinais ou fotocopias autenticadas en forma legal.

As compulsas devengarán as taxas correspondentes.

As melloras ofertadas pola empresa que resulte adxudicataria pasarán a formar parte do obxecto do contrato. Corresponderá a dirección da execución das obras melloradas ó director de obras, quen deberá xustificar e certificar a integra e total realización das melloras ofertadas a satisfacción da administración contratante.

As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente. Unha vez formalizado o contrato e trascurridos os prazos para a interposición dos recursos sen que se houboes presentado, a documentación orixinal que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados.

A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»: Documentación Administrativa.**
- **Sobre «B»: Oferta Económica e Documentación.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

**SOBRE «A»
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA³¹**

[SUPOSTO A) ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE³²]

a) Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación _____, ante _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación das obras de "MEJORA DE LA ESTACIÓN DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES DEL PARQUE EMPRESARIAL DE CAMPO LAMEIRO".

³¹ De conformidade co artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

³² Conforme ao disposto no apartado cuarto do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o órgano de contratación, se o estima conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado primeiro do mesmo artigo sexa substituída por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso, **bastará con esta declaración responsable nos contratos de obras con valor estimado inferior a 1.000.000 euros.**

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de obras consistente en “MEJORA DE LA ESTACIÓN DEPURADORA DE AGUAS RESIDUALES DEL PARQUE EMPRESARIAL DE CAMPO LAMEIRO”, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa ou que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixida para a presente obra.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.

TERCEIRO. Que se compromete a manter a vixencia e a validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración na execución do contrato, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,

Asdo.: _____»

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial en calquer dato, manifestación ou documento que se acompañe, así como a inadecuación ou

insuficiencia de tales para acreditar o extremos requiridos, ou a súa falta de aportación sen mais no momento de requirimento motivará a desestimación da oferta presentada e requirimento da documentación á seguinte máis ventaxosa, sen perxuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar.

**SOBRE «B»
OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN**

a) Oferta económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. _____,
con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/
_____, n.º
_____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con
CIF n.º _____, recibindo invitación para a presentación de oferta e decatado
das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación por procedemento
negociado sen publicidade do contrato de obras de
_____, fago constar que coñezo o
prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente,
comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de
_____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto
sobre o Valor Engadido.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do candidato,

Asdo.: _____.».

b) Documentos que permitan ó Organo de Contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

[Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación]

CLÁUSULA NOVENA. Garantía Provisional³³

NON SE SOLICITARÁ GARANTIA PROVISIONAL

CLÁUSULA DÉCIMA. Aspectos Obxecto de Negociación coa Empresa

Para a valoración das ofertas e a determinación da economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación:

**MELLORAS PRAZO DE EXECUCIÓN	10 PUNTOS
**MELLORA NO PREZO DE EXECUCIÓN	50 PUNTOS
**OUTRAS MELLORAS ADICIONAIS NA OBRA. (CALIDADE, MATERIAIS, GARANTÍAS-).	30 PUNTOS.

As ofertas presentadas se valorarán obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática en canto sexa posible. Neste sentido, se lle outorgará a maior puntuación á empresa que mellor oferta realice, e ás restantes en proporción a ésta, por regra matemática de tres, directa ou inversa segundo o caso.

As melloras que se oferten se entenderán sen a porcentaxe do beneficio industrial nin gastos xerais.

De presentarse dificultades imprevistas no curso da execución da obra que motivases a modificación do proxecto con incremento do seu prezo o importe das melloras poderá ser destinado polo órgano de contratación a sufragar tales modificacións, de conformidade co contratista.

³³ De conformidade co artigo 103 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en atención ás circunstancias concorrentes en cada contrato, os órganos de contratación poderán esixir aos licitadores a constitución dunha garantía que responda do mantemento das súas ofertas até a adxudicación do mesmo. Para o licitador que resulte adxudicatario, a garantía provisional responderá tamén do cumprimento das obrigacións que lle impón o segundo parágrafo do artigo 151.2.

Cando o órgano de contratación decida esixir unha garantía provisional deberá xustificar suficientemente no expediente as razóns polas que estima procedente a súa esixencia para ese contrato en concreto.

Corresponderá ó director de obra efectuar a correspondente proposta de modificación, que haberá de ser aprobada polo Concello e con audiencia ó contratista.

(NO SEU CASO) CLÁUSULA DÉCIMA PRIMEIRA. Mesa de Contratación ³⁴

Non se constitúe

CLÁUSULA DECIMO SEGUNDA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofreza o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Apertura de Ofertas

[A apertura das ofertas deberá efectuarse no prazo máximo de quince días³⁵ contado desde a data de finalización do prazo para presentalas.]

O órgano/ a Mesa de Contratación constituirase o seguinte día hábil tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, e cualificará a documentación administrativa contida nos sobres «A».

[A Mesa poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo non superior a tres días para que o candidato corrixa os defectos ou omisións corrixibles observados na documentación presentada.]

E posteriormente, procederá á apertura e exame do sobre «B» e comezará a negociación de acordo cos aspectos fixados no prego.

³⁴ Téñase en conta o Capítulo III do Real Decreto 817/2009, de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, relativo á composición e funcións da Mesa de Contratación. O artigo 21, de carácter non básico de conformidade coa Disposición final primeira do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, establece que as mesas de contratación estarán compostas por un Presidente, un Secretario e, polo menos, catro vogais, todos eles designados polo órgano de contratación. Entre os vogais deberá figurar obrigatoriamente un funcionario dos que teñan encomendado o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un Interventor ou, a falta de calquera destes, quen teña atribuída as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico ou ao control económico-orzamentario do órgano.

³⁵ En virtude do artigo 112.2 do TRLCSP os prazos deben acurtarse á metade salvo o prazo previsto no artigo 156.3, por iso falamos de quince días en vez dun mes.

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta será analizado á vista dos informes que sobre este extremo poidan emitir os técnicos.

Antes da emisión de tales informes se solicitará da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta no prazo máximo de tres días hábiles, que servirá para o pronunciamento dos informes técnicos.

De valorarse a diminución no prazo de execución se solicitarán oportunas explicacións escritas ó licitador sempre que a súa proposta sexa igual ou inferior en máis de 1/3 á media dos prazos ofertados polos restantes licitadores, ou, no seu defecto, do prazo inicialmente establecido.

No que respecta á mellora nos prazos de execución das obras e de garantía, a súa consideración como temerarios ou non xustificadas non motivará a exclusión da propoñente por este único motivo, senón a elevación automática no prazo mínimo ou máximo admisible, e a súa valoración en proporción.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Requirimento da Documentación

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de cinco días³⁶ hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de *[o cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (se a achega inicial da documentación é substituída por unha declaración responsable do licitador³⁷), así como de]* estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto

³⁶ En virtude do artigo 112.2 do TRLCSP os prazos deben acurtarse á metade salvo o prazo previsto no artigo 156.3, por iso falamos de cinco días en vez de dez.

³⁷ Neste caso en que a presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos faise mediante declaración responsable, de acordo co disposto no apartado cuarto do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adjudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adjudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos, podendo, en todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, solicitar, en calquera momento anterior á proposta de adjudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

Desde esPublico, en orde a garantir a axilidade na tramitación do procedemento e o principio de economía procesual, **propomos que o requirimento de toda a documentación**, tanto a detallada no artigo 146.1 como a do artigo 151.2, ambos os do citado Texto Refundido, **fágase conxuntamente**, de modo que o licitador, unha vez requirido para iso, dentro do prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que recibise devandito requirimento, presente toda a documentación.

lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

As empresas que se atopen integradas no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia que acompañen a correspondente certificación estarán dispensadas de acreditar os datos referidos polo artigo 83.1 do TRLCSP, sen perxuizo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a exactitude e vixenza dos mesmos ou para clarificar calquer extremo.

O certificado do Rexistro Oficial de licitadores en cuestión deberá vir acompañado en todo caso dunha **declaración responsable** na que o licitador manifieste que as circunstancias reflexadas no mesmo non teñen variación algunha.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

[Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nestes pregos.]

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía Definitiva³⁸

O candidato que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban

³⁸ Atendidas as circunstancias concorrentes no contrato, o órgano de contratación poderá eximir ao adxudicatario da obrigaón de constituír garantía, xustificándoo adecuadamente nos pregos, especialmente no caso de subministracións de bens consumibles cuxa entrega e recepción deba efectuarse antes do pago do prezo. Esta exención non será posible no caso de contratos de obras e de concesión de obras públicas.

producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a anterior.

[Téñase en conta que se permite, cando así se prevexa no prego, que a garantía sexa constituída mediante retención no prezo, fixando neste prego a forma e condicións da retención].

A garantía non será devolta ou cancelada até que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido *[un ano/6 meses³⁹]* desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

[Salvo que neste prego sexa establecido o contrario] A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

[En casos especiais, o órgano de contratación poderá establecer, ademais da garantía

³⁹ Conforme ao apartado 5 do artigo 102 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, cando o importe do contrato sexa inferior a 1.000.000 de euros ou cando as empresas licitadoras reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, de 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas garantías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, o prazo xeral dun ano para a devolución ou cancelación de garantías a que fai referencia devandito artigo reducirase a seis meses.

*definitiva, que se preste unha **complementaria** de até un 5% do importe de adxudicación do contrato podendo alcanzar a garantía total un 10% do importe do contrato.]*

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Adxudicación do Contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos tres⁴⁰ días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a súa candidatura.
- Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitise a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- Na notificación e no perfil de contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización.

Nos supostos en que fose necesaria a substitución do persoal inicialmente adscrito, a empresa deberá comunicar previamente ó Concello a súa identificación e xustificación da súa habilitación técnico profesional do substituto. O Concello poderá denegar a autorización

⁴⁰ En virtude do artigo 112.2 do TRLCSP os prazos deben acurtarse á metade salvo o prazo previsto no artigo 156.3, por iso falamos de tres días en vez de cinco.

destas substitucións de incumprirse os requisitos esixidos no seu caso, ou outras causas xustificantes..

[A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos].

CLÁUSULA DÉCIMO SETIMA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Asemesmo nos 15 días naturais seguintes ó de formalización do contrato o contratista deberá presentar o correspondente Plan de Seguridade e de Saude no Traballo, dacordo co establecido no RD 1627/1997. Dito Plan deberá ser informado polo responsable en materia de seguridade e saúde, polo técnico director das obras e aprobado polo órgano de contratación previo ó inicio das obras. Dito Plan deberá engadir as obras que se ofertaron e aceptaron como melloras.

A responsabilidade directa, sen perxuizo da superior dirección e supervisión do director facultativo, en materia de prevención de riscos laborais e de seguridade e saude nas obras será asumida polo técnico competente proposto pola empresa, e nomeado polo Concello, cuxa dependencia laboral e profesional será por conta da empresa ó formar parte do contrato no seu conxunto.

[Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise].

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Dereitos e Obrigações do Adxudicatario

1.- DEREITOS

A) Abonos ao contratista⁴¹.

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinala o Director de obra. A obra certificada valorarase de acordo aos prezos do Proxecto Técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional, quedando suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final, non supondo, por tanto, nin aprobación nin recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da Dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente.

Poderanse verificar abonos a conta, previa petición escrita do contratista por provisións de materiais, instalacións e equipos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para ese efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A Administración estará na obriga de poñer a disposición do contratista dos terreos necesarios para a execución das obras, así como contar coas autorizacións e permisos que sexan necesarios e da súa competencia.

2.- OBRIGAS

A) Obrigacións do contratista.

⁴¹ Conforme o punto cuarto do artigo 216 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 222.4, e, se se demora, deberá aboarlle ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días, os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que proceda o inicio do cómputo do prazo para a obriga de aboamento de xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar factura ante o rexistro administrativo correspondente, dentro do termo establecido e na forma pertinente, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou da prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1 do devandito texto refundido, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou dos servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou á prestación do servizo, salvo que exista un acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumpre o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, o aboamento de xuros non se iniciará ata que transcorran trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobese a conformidade, se procede, e efectuase o correspondente aboamento.

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

– Antes do inicio das obras o contratista proporá á propiedade unha relación de laboratorios homologados para realización de ensaios ou probas de materiais, laboratorio que despois será nomeado polo Concello.

– Obrigacións laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais durante o periodo de vixencia do contrato.

– O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro).

– O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro para os casos de subcontratación⁴². As obrigas que corresponden ó contratista deberán ser acreditadas documentalmente polas empresa subcontratistas, de seres o caso.

– A realización de trámites, redacción e visado de proxectos ou documentación técnica adicional que se teña que presentar ante os organismos competentes ós efectos de obter a alta, legalización e permisos de funcionamento das instalacións, enganches a redes e servizos, desagües, vertidos e, en xeral, toda cantidade necesaria e proxecto sexan necesarios para o funcionamento adecuado e legalizado das instalacións, subministrados e acometidos de todos os servizos, aínda e cando deban ser contratados a nome do Concello de Campo Lameiro

– Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións.

– O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de Seguridade e Saúde no Traballo.

– O contratista asumirá a obriga de dar aviso de comenzo das obras á que se refire o artigo 18 do RD 1627/1997 á autoridade laboral competente, así como ó

42 En relación coa subcontratación, téñase en conta que, conforme ao artigo 228 bis do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, as Administracións Públicas poderán comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios de contratos públicos, cualificados como tales no seu artigo 5, deben facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen nos mesmos. Para iso, incluírá as obrigacións a que se refire o propio precepto, no seu apartado segundo, nos anuncios de licitación e nos correspondentes pregos de condicións ou nos contratos, considerándose tales obrigacións condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades que para ese efecto se conteñan nos pregos.

cumprimento dos restantes deberes en relación con ésta sinalados pola normativa aplicable.

— Todos os escombros e residuos que se xeneren como consecuencia da execución deste contrato deberán ser tratados polo contratista con estricto cumprimento do establecido no RD 105/2008 de 1 de febreiro polo que se regula a produccion e xestión dos residuos de construción e demolición, ou por calquer outra normativa medioambiental ou de residuos perigosos que poidesen resultar de aplicación no momento de execución da obra. Os escombros e demais residuos que xenere a obra deberán depositarse, salvo instrucción en contra, nun centro de tratamento legalizado deste tipo de materiais, debéndose aportar xustificante de dito trámite.

— O contratista será responsable de obter as cesións, permisos ou autorizacións dos titulares das patentes, modelos e marcas da fabricación que, no seu caso, resultasen necesarias, correndo da súa conta o abono de indemnizacións que poidan corresponder por tales conceptos. Será responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial intelectual ou comercial dos materiais, procedementos e equipos utilizados nos procesos contratados, debendo indemnizar á Administración por todos os danos e perxuízos que para ésta poida derivar da interposición e estimación de reclamacións.

— O contratista deberá orixinar as mínimas molestias ós/ás veciños/as, evitando todas aquelas que resulten innecesarias.

- Son de conta do contratista, os gastos de impostos, tributos, os de anuncio ou anuncios de adxudicación, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen. No caso de que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.
- Os gastos de formalización de contrato de adxudicación en documento administrativo.
- Os gastos de ensaios e análise de materiais e unidades de obra ou informes específicos dos mesmos, realizados por laboratorio homologado.
- Os demais que procedan segundo a normativa aplicable.

3.- RESPONSABILIDADES

1.- O contrato se executará a risco e ventura do contratista.

2.- No desenrolo das obras e até tanto non se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable da execución da obra contratada e as súas melloras, así

como das faltan que nelas se producisen, sen que, en principio, sexa eximente nin lle de dereito algún a circunstancia de que o técnico director das obras teña examinado ou recoñecido as partes e unidades ou materiais empregados, nin que se incluisen nas certificacións.

3.- Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, perxuizos e accións de calquer natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Dita responsabilidade non se extinguirá até trascurrido o prazo de garantía da obra. Cando tales danos e perxuizos se ocasionaren como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos por Lei.

4.- Asemesmo será o contratista responsable civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á Administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade na que se concreten tales danos será inmediatamente esixida por vía de apremio administrativo.

5.- O contratista está obrigado a responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen ter dereito a indemnización por causa de avería, pérdidas ou perxuizos nos bens, até a aprobación da devolución da garantía definitiva.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Plan de Seguridade e Saúde no Traballo. Desenrolo dos traballos.

Formalizado o contrato o adxudicatario elaborará un Plan de Seguridade e Saúde no Traballo da Obra, axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde *[(ou no seu caso), Estudo Básico de Seguridade]* do Proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito Plan incluíranse, no seu caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o Contratista propoña coa correspondente xustificación técnica, que non poderán implicar diminución do nivel de protección previsto no Estudo.

O Plan será aprobado polo Concello, antes do inicio da obra, previo informe do Coordinador en materia de seguridade e saúde ou da Dirección facultativa da Obra, se non fose preceptivo designar Coordinador, e comunicarse á Autoridade

Laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de trazado de planta e inicio da obra.

[Artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción]

No desenrolo dos traballos o contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto de obra e no seu caso, a demais documentación que o integra, así como de conformidade coas instrucións e regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, sempre e cando sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP.

Tamén deberá utilizar os elementos pessoais e auxiliais máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

O contratista soamente pode empregar os materiais na obra previo exámen e aceptación polo Técnico Director, nos termos e formas que éste sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidadas.

De advertirse vicios ou defectos na construción, ou se tivesen fundadas razóns para creer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico director, ou o órgano competente ordenará poderará ordenar no curso da execución da obra, á súa terminación, e sempre antes da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra nas que se prevexan ou se deran aquelas circunstancias, así como tamén as accións precisas para comprobar a existencia de posibles vicios ou defectos ocultos.

Os incumprimentos darán lugar a imposición das correspondentes sancións económicas por parte da Administración.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Revisión de Prezos⁴³

O prezo deste contrato poderará ser obxecto de revisión sempre e cando se executase, polo menos, no 20% do seu importe e transcorrese un ano desde a súa formalización.

Noutro caso, non é admisible.

⁴³ De conformidade co artigo 89 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, a revisión de prezos nos contratos das Administracións Públicas terá lugar, nos termos establecidos neste Capítulo e salvo que a improcedencia da revisión se tivese previsto expresamente nos pregos ou se tería pactado no contrato, cando este se executase, polo menos, no 20 por 100 do seu importe e tería transcorrido un ano dende a súa formalización. En consecuencia, o primeiro 20 por 100 executado e o primeiro ano transcorrido dende a formalización quedarán excluídos da revisión.

CLAUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Recepción e Prazo de Garantía

Coa certificación final da obra, o contratista deberá aportar o listado de ensaios que se refiren de seguido, efectuados por laboratorios debidamente homologados:

*** De aglomerado en quente:**

Extracción de probeta-testigo de 100 mm. de diámetro de mezcla bituminosa tallado e determinación de espesor e densidade S/NLT 314- 92.

*** Zahorras:**

- *Densidade e humidade "in situ" S/ASTM D-3017*

- *Ensaio de carga con placa S/NLT -357*

***HORMIGÓN:**

- EXTRACCIÓN DE TESTIGO DE PAVIMENTO DE HORMIGÓN MEDIANTE SONDA ROTATIVA ENSAYO DE RESISTENCIA Y DETERMINACIÓN DEL ESPESOR S/JUNE 83302

Á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato, se se nomeou, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Se se atopan as obras en bo estado e de acordo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de⁴⁴ 12 meses a contar desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.

O contratista responderá durante o prazo de 15 anos seguintes á data da recepción das obras, dos danos e perxuízos ocasionados por ruína de éstas, motivada por vicios ocultos na construción debido ó incumprimento do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMA SEGUNDA Facturas

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos bens entregados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o

⁴⁴ Non poderá ser inferior a 1 ano salvo casos especiais.

Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas⁴⁵, os seguintes aspectos previstos no punto segundo da disposición adicional trixésimo terceira.

- a) Que o órgano de contratación é Alcaldía.
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é Intervención.
- c) Que o destinatario é Concello de Campo Lameiro.

[Deberase ter en conta que, de acordo co punto cuarto do artigo 216 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, para que proceda o inicio do cómputo do prazo para a obriga de aboamento de xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar factura ante o rexistro administrativo correspondente, dentro do termo establecido e na forma pertinente, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías.]

CLÁUSULA VIXÉSIMA TERCEIRA. Execución do Contrato

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación do trazado de planta e inicio das obras. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do Proxecto de obras, estendéndose esta segunda acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste desen ao contratista o Director facultativo das obras, *[e no seu caso, o responsable do contrato]*, nos ámbitos da súa respectiva competencia.

⁴⁵ En todo caso, a factura deberá conter as seguintes mencións:

- Número e, de ser o caso, serie. A numeración das facturas será correlativa.
- Nome e apelido ou denominación social, número de identificación fiscal e domicilio da persoa que a expide.
- Órgano que subscribe o contrato, con identificación do seu enderezo e do número de identificación fiscal.
- Descrición do obxecto do contrato, con expresión do servizo ao que vaia destinado.
- Prezo do contrato.
- Lugar e data da súa emisión.
- Sinatura do funcionario que acredite a recepción

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. O incumprimento desta obriga lvará aparelada a imposición de sanción económica establecida na cláusula vixésimo quinta do presente prego.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

[O prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a quince días hábiles, contados desde formalización. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o atraso se debese a causas alleas á Administración contratante e ao contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada].

CLÁUSULA VIXÉSIMA CUARTA. Modificación do Contrato

Solo procederá modificacións contractuais nos casos previstos pola lexislación contractual tramitándose segundo o establecido na mesma (artigos 105 e ss, 211, 219 234 do TRLCSP e artigo 102 do RD 1098/2001 así como demais aplicables).

NIN o director técnico das obras nin o adxudicatario, en ningún caso, poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no proxecto adxudicado sen a correspondente autorización, por escrito, do órgano de contratación.

A normativa de contratación permítenos modificar os contratos do sector público:

1. *Sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente desta posibilidade e se detallase de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderán facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que haxa de seguirse para iso.*

2. *Se non fose previsto nos pregos ou no anuncio de licitación, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:*

- *Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.*

- *Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade*

aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

- *Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.*

- *Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.*

- *Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato}.*

CLÁUSULA VIXÉSIMA QUINTA. Penalidades por Incumprimento

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato , a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imporanse penalidades na proporción *á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato}.*

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designou, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, fose constituída, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMA SEXTA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos casos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMA SETIMA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e estea vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

En Campo Lameiro, o 21 xullo de 2014.

Alcalde
Asst. Julia Sáiz Bugallo

